

Na biblioteca escolar

# PÓDESE?

**Acudir á biblioteca? Si,** nos tempos que nos indiquen e respectando o número máximo de persoas que estará establecido que poden estar ao mesmo tempo.

**Consultar e procurar información? Si,** respectando as normas que se establezan para acceder aos fondos, para coller ou devolver volumes, e tamén para utilizar outros recursos.

**Utilizar os equipos informáticos, tablets, auriculares...? Si,** tendo moito coidado de respectar as medidas de hixiene e prevención que se teñan deseñado no centro para a utilización destes recursos.

## Bibliotecas Escolares en tempos de COVID





**Levar libros en préstamo? Si,** as persoas responsables da biblioteca informarán dos coidados que deberás ter para levar e devolver os teus préstamos.

**Estar na biblioteca? Si,** mais haberás de respectar as medidas de distancia e protección que se teñan establecido.

**Utilizar materiais manipulativos, xogos de mesa, pezas, robots...? Si,** mais certamente que haberá normas especiais para materiais que impliquen o feito de compartir. Consulta coas persoas responsables sobre que xogos ou materiais podes utilizar e como facelo.

**Organizar actividades, exposicións, charlas, clubs de lectura...? Si,** sempre respectando as medidas de seguridade que se teñan establecido no centro.

Daquela, na biblioteca escolar, igual que en todos os lugares, respectando as normas e tendo coidado,

**PÓDESE?... SI.**